



O SERVIZO DE ALERGOLOXÍA DO CHUVI LIDERA A ASISTENCIA AOS PACIENTES ALÉRXICOS AO VELENO DOS HIMENÓPTEROS

- ***A Unidade de Inmunoterapia ven de realizar as primeiras repicaduras do mundo con Vespa velutina a tres pacientes da Área Sanitaria de Vigo***
- ***Coa técnica da Repicadura controlada, o paciente volve a ser picado polo insecto causante da súa alerxia, de forma controlada e baixo o control dos profesionais sanitarios, co obxecto de confirmar a eficacia da vacina que se lle ven administrando***
- ***Este procedemento, posto en marcha hai un ano, xa foi realizado a 14 pacientes, maioritariamente apicultores e traballadores do campo.***
- ***Tamén se puxo en marcha outra iniciativa pioneira na comunidade, un Servizo de Identificación destes insectos, que foi ofertado a todos os alergólogos galegos para que, no caso de que o espécime causante dunha reacción alérxica sexa atrapado, poida ser identificado correctamente para realizar un diagnóstico exacto***

Vigo, 9 de novembro 2020. O servizo de Alergloxía da Área Sanitaria de Vigo ven de por en marcha dúas iniciativas para mellorar a atención ás alerxias causadas polos velenos das picaduras das abellas e avespas. Trátase dun novo procedemento diagnóstico, o de *Repicadura Intrahospitalaria*, e dun *servizo de Identificación de Himenópteros* para todos os alergólogos galegos.

Estas novas prestacións sanitarias sitúan ao servizo de Alergloxía, dirixido pola doutora Carmen Marcos, na vangarda da asistencia na alerxia ao veneno de Himenópteros. De feito, en relación coa *Repicadura Intrahospitalaria*, hai uns días ven de realizarse as primeiras repicaduras no mundo con *Vespa velutina* a tres pacientes da Área Sanitaria de Vigo.

O alergólogo e coordinador deste proxecto, Luis Arenas, explica que “estamos moi satisfeitos xa que non está descrito na literatura científica a repicadura con este tipo de vespas. Á luz dos coñecementos actuais, a proba máis fiable para valorar a eficacia da vacina é a da provocación mediante a repicadura controlada cun insecto de mesma especie que é o responsable da sensibilización. Isto é, seguindo o protocolo establecido, promovemos que o paciente sexa picado polo insecto causante da súa alerxia para confirmar que a vacina que se lle ven administrando é eficaz e proporciónalle a protección axeitada”.

Os insectos son proporcionados por pacientes apicultores ou capturados polo propio doutor Arenas ou algún colaborador, como a bióloga doutora Sandra Rojas. Tras ser preparados, colócanse encima do pel





no antebrazo do paciente para que fagan unha picadura e introduzan o veneno na pel do paciente. Neste procedemento, o paciente está en todo momento monitorizado e con control médico, e permanecerá unhas horas en observación para estudar a súa evolución clínica e as posibles reaccións adversas.

Polo de agora, levan realizada esta técnica a 14 pacientes, fundamentalmente a apicultores e profesionais de elevado risco polo seu alto grao de exposición a himenópteros, como desbrozadores ou traballadores do campo.

A Unidade de Inmunoterapia vacina 400 pacientes mensuais

A maioría dos pacientes que son remitidos aos especialistas en Alergoloxía por reaccións adversas tras a picadura de himenópteros, teñen sufrido varias picaduras de diferente intensidade ao longo das súas vidas, e algunhas delas puidesen ter xerado unha resposta inmunolóxica.

“Polo xeral, a última picadura, causante de sintomatoloxía xeral, é a que adoita motivar a remisión deses pacientes ás consultas de Alergoloxía, aínda que ás veces non é así, e hai pacientes con sintomatoloxía xeral que non foron estudados polos alergólogos nin instruídos no manexo da medicación de urxencia nin dos autoinectores de adrenalina, co conseguinte risco para eles”- explica Arenas.

Unha vez o paciente é diagnosticado, na Unidade de Inmunoterapia administráraselle unha vacina específica, elaborada con veneno de abella ou de 2 tipos de avespas. Esta Unidade, que conta con persoal de enfermaría especializado nesta inmunización, vacínase a 400 pacientes mensuais.

Servizo de Identificación de Himenópteros para toda Galicia

No referido ao novo servizo de *Identificación de Himenópteros*, ten por obxecto que no caso de que os pacientes ou os seus familiares atrapen ao insecto (ou outro espécime do mesmo tipo do que procedía o responsable da picadura) que lles ocasionou a reacción alérxica, este poida ser identificado correctamente en beneficio dun diagnóstico exacto.

A Identificación correcta do insecto responsable da picadura é un dos problemas máis importantes na atención a estas alerxias. Hai insectos que deixan cravado o seu agullón, pero existen moitos outros cuxo agullón non queda retido no pel.

O doutor Arenas asegura que “por todas estas dificultades, desde Alergoloxía de Vigo poñemos a disposición do resto de colegas de Galicia este servizo de identificación. Así, poden remitirnos o insecto ou os seus restos nun pequeno frasco con





alcohol de 70º para evitar a súa descomposición; ou como nalgún caso, fragmentos dun niño que pode conter ovos ou larvas.”

En ausencia do himenóptero é importante coñecer determinados datos complementarios, que son relevantes para identificar a súa especie, como por exemplo a localización exacta do paciente e que estaba facendo no momento da picadura, ou o lugar da procedencia do insecto (chan, muro, caixa de correos, tellado, cheminea, horta, árbore froiteiro..), etcétera. Por isto, Luis Arenas -que ten un especial interese e dedicación profesional a este tipo de alerxias- deseñou unhas fichas para que sexan cubertas por aqueles especialistas interesados en que desde o servizo do Chuvi axúdenlles a identificar ao insecto.

